



RESOLUCIÓN APROBACION AXUDA DIRECTA "ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE SILLEDA"

Examinada a solicitude de axuda formulada pola "ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE SILLEDA", para contribuír a sufragar os gastos para o bo funcionamento da banda. Esta axuda concédese ao abeiro do disposto nos artigos 19.4, letra c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia (en adiante LSG) e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e considerando os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

"ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE SILLEDA", presentou unha solicitude de axuda para financiar os gastos de compra dunha furgoneta para poder desplazar todo o material co que contan na Asociación para o conxunto de actividades, actuacións que realizan o longo do ano pola xeografía galega, certames tanto en Galicia como no resto de España.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Nos termos do establecido no artigo 19 da LSG, o obxecto da axuda proposta é favorecer que a entidade realice actividades de interese social. Neste sentido, estamos ante unha asociación declarada de utilidade pública e inscrita no rexistro provincial de asociacións co número 2000/005266-1 (PO), e no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Comunidade Autónoma Galega, co número E-1281.

Segundo.- O expediente tramitase ao abeiro do establecido nos artigos 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e nos artigos 19.4, letra c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, así como no artigo 47 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2017.

Terceiro.- O pagamento tramitarase unha vez que o representante da entidade beneficiaria da axuda aporte as facturas ou documentos xustificativos que acrediten a realización e pago dos gastos derivados da organización da actividade obxecto da axuda directa.

De acordo có disposto no artigo 40.1º, letra d), g) e h) do Regulamento de subvención, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, esixe a obrigación do reintegro total e parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, así mesmo cofo fai referencia o punto h) a obriga do beneficiario de facilitar toda a información que sexa requerida pola Intervención Xeral da CC.AA, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Ao abeiro do artigo 21.1º, do citado Regulamento, o orzamento da actividade presentado polo solicitante, ou as súas modificacións posteriores servirán de referencia para a determinación final do importe da subvención, calculando este como unha porcentaxe do custo final da actividade. Neste caso o eventual exceso de



O prazo para presentar a documentación xustificativa da axuda será ata o 20 de decembro de 2017.

Cuarto.- Tendo en conta a normativa citada e á vista da solicitude presentada, considérase que a "ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MUSICA DE SILLEDA", cumpre cós requisitos necesarios para a concesión dunha axuda directa.

En vista do exposto

PROPONSE

- 1) Aprobar a concesión dunha axuda de concesión directa a favor da "ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MUSICA DE SILLEDA", co CIF: G36266682, por importe de SEIS MIL EUROS (6.000,00€), financiándose co crédito consignado na aplicación orzamentaria 05.21.121A.781.0 (C.P.2015 00121), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.
- 2) Que se lle comunique a presente resolución á entidade interesada.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017
A Secretaría xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

FISCALIZADO DE CONFORMIDADE

RESOLVO

Dar a miña aprobación á proposta de resolución

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á súa notificación de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, ou ben, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela,

O vicepresidente e conselleiro da Presidencia AA.PP e Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela